

## **Solicitude de modificación das bases para a provisión dunha praza de técnico/a de normalización lingüística no Concello de Muros (persoal laboral temporal)**

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

### **EXPOÑO**

Por un acordo do 3 de xuño de 2016, o Concello de Muros anunciou no seu web ([www.muros.gal](http://www.muros.gal)) a **convocatoria dun concurso-oposición para cubrir unha praza de técnico/a de normalización lingüística en réxime de interinidade**.

A CTNL, como entidade que agrupa os/as traballadores/as de normalización da lingua, quere expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, valoramos positivamente a convocatoria desta praza en réxime de interinidade, o que supón darlle continuidade e estabilidade ao traballo de normalización lingüística no Concello de Muros.
2. Con todo, temos que indicar algúns aspectos da convocatoria que cumpriría corrixir:
  - a. Establécense como **tarefas propias da praza** a “elaboración, corrección e tradución de documentos” (base primeira, parágrafo segundo). Polo contrario, os **labores** que se deben desenvolver nun **servizo de normalización lingüística (SNL)** abranguen outros cometidos: planificar, xestionar, desenvolver e avaliar **accións de dinamización lingüística** adaptadas ao contexto do municipio e que contribúan a mellorar o prestixio da lingua e a estender o seu uso; velar pola **calidade lingüística e comunicativa** da institución; analizar as **necesidades formativas** en materia de lingua da cidadanía e dos/das traballadores do concello; difundir **materiais e recursos** específicos para eles, etc. Como mostra das funcións dun SNL, no documento anexo incluimos a proposta elaborada pola CTNL para o Encontro de Política Lingüística Municipal que tivo lugar en Santiago de Compostela o 16 de novembro de 2015.

En relación con isto, as convocatorias de axudas para a creación ou mantemento de SNL tanto da **Xunta de Galicia** (publicada no DOG do 19 de abril de 2016) como da **Deputación da Coruña** (publicada no BOP da Coruña do 18 de



novembro de 2015) inclúen unha relación de funcións similar á do documento anexo. Xa que logo, para que o Concello de Muros poida acollerse a estas axudas, o seu SNL debe desenvolver as funcións que se establecen nas convocatorias.

Alén disto, no propio temario desta praza do Concello de Muros inclúese un tema sobre as funcións xerais e áreas de desenvolvemento do traballo de normalización lingüística (dinamización, formación, asesoramento), áreas que non se corresponden coas funcións indicadas na base primeira da convocatoria.

- b. A pesar de que un dos requisitos para o acceso a este proceso selectivo é a posesión dunha licenciatura (en concreto, Filoloxía Galega ou equivalente), nas bases non se especifica en que grupo profesional se vai encadrar o posto. De acordo con esta titulación, debe ser equiparable ao grupo A1 da función pública ou grupo I do persoal laboral.

En consecuencia, SOLICITO

1. Que se modifiquen as bases da convocatoria e se indiquen as **funcións correspondentes a un técnico/a de normalización lingüística** dentro das áreas de dinamización, formación e asesoramento.
2. Que se especifique o grupo profesional ao que estará adscrita a praza (subgrupo A1 de funcionarios ou grupo I de persoal laboral).

Finalmente, se o consideran necesario, desde a CTNL ofrecémoslles apoio e asesoramento para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso selectivo.

Pontevedra, 10 de xuño de 2016

Anexo: Funcións dos servizos de normalización lingüística municipais